



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN BANCARIA "LA CAIXA"
PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DO PROGRAMA DE
PERSOAS MAIORES**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar coa Fundación Bancaria Caixa d'Estalvis i Pensions de Barcelona "la Caixa" o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 01/01/2018 ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento do Programa de Persoas Maiores na rede de centros sociocomunitarios de titularidade autonómica que se detalla no Anexo I do convenio, programa que comprende todas as actuacións que, desde a Obra Social "la Caixa" impulsan un estilo de vida activo para contribuír ao benestar das persoas maiores e previr situacións non desexadas, a través de actividades, obradoiros e proxectos que traballen para promover ao máximo a autonomía das persoas maiores, para que, cando aparezan as súas limitacións, estean preparadas para afrontalas, e nomeadamente:

1. Actividades de promoción da saúde que contribúan á prevención e á divulgación de coñecementos e hábitos para envellecer satisfactoriamente, que axuden a unha adaptación positiva dos cambios e retrasen as situacións de dependencia.
2. Actividades que se centran na persoa e que ofrecen recursos para o desenvolvemento das capacidades persoais que axuden á necesaria toma de decisións, promovendo os valores de dignidade e autonomía ao longo do proceso de envellecemento.
3. Actividades vinculadas á aprendizaxe das novas tecnoloxías e ao acercamento das persoas maiores ás redes sociais e contornos 2.0.
4. Promoción de actividades e proxectos que impulsen a participación social e o voluntariado, cuxa finalidade é promover o papel activo das persoas maiores para que sexan e se sintan protagonistas da nosa sociedade. Inclúese a colaboración con outras





entidades da súa contorna nas que participen activamente os socios e/ou persoas usuarias dos centros como principais protagonistas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o que se establece no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coas competencias outorgadas ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de servizos sociais e, en consecuencia, a atención do colectivo de persoas maiores, conforme ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

A Fundación bancaria “la Caixa”, desde as súas orixes fixou a súa atención nas persoas maiores como un dos colectivos obxecto do seu interese, mediante un Programa de Persoas Maiores que tivo por finalidade impulsar un labor de promoción e atención a estas persoas, desenvolvendo actividades de formación e fomentando a súa participación activa na sociedade.

Ambas as institucións son conscientes do papel activo que desenvolven e teñen que desenvolver as persoas maiores na sociedade. O aumento progresivo da esperanza de vida, así como a mellora das condicións sociais e de saúde, deron lugar a un colectivo cada vez máis numeroso, máis heteroxéneo e con necesidades diferentes ao longo do seu ciclo vital, que leva consigo a necesidade de darlle respostas diversas e innovadoras ao dito colectivo.

A utilización da figura do convenio de colaboración xustifícase neste caso pola especial natureza do seu obxecto, que consiste nun marco de colaboración que non implica custo económico ningún para a Administración xeral da Xunta de Galicia, nin en consecuencia, subvención ningunha a favor da Fundación bancaria “la Caixa”, porque o





desenvolvemento das actividades de maiores obxecto deste convenio non lle supón á Consellería de Política Social ningún custo adicional, máis aló daqueles aos que xa está obrigada a asumir ordinariamente ao respecto do mantemento dos centros sociocomunitarios para garantir o seu normal funcionamento con cargo aos créditos consignados para esta finalidade nos orzamentos anuais de gastos da Dirección Xeral de Inclusión Social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de darlle cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2018.

